

## CONMEMORACIÓN DO DÍA DO LIBRO NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE OLEIROS

Para conmemorar o **Día Mundial do Libro**, a **Deputación da Coruña** organiza unha campaña titulada **Libros para sermos libres** na que se van repartir 200 libros que doa a Deputación aos que se van sumar outros 200 que poñen as Bibliotecas Municipais do Concello de Oleiros. En total regalaranse sobre 400 libros.

No **Concello de Oleiros** dentro da Campaña da Deputación da Coruña **Libros para sermos libres** repartiranse libros en:

**Día 20, ás 18:30 horas, na Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Trincado, en Mera.**

**Día 23, ás 18:30 horas, na Biblioteca Pública Municipal M<sup>a</sup> José Ruso, en Dorneda.**

**Día 24 e 25, ás 17:30 horas, na Biblioteca Central Rialeda, en Perillo.**

**Día 25, ás 18:30 horas, na Biblioteca Pública Municipal Rosalía de Castro, en Santa Cruz.**

Para o reparto poñeremos unha mesa en cada unha desas bibliotecas e cada unha das persoas que veñan eses días a algunha das bibliotecas poderán levar algún libro de regalo.

Ademais desa actividade e tamén cos obxectivos de conmemorar o **Día Mundial do Libro** e potenciar o hábito lector, as **Bibliotecas Públicas Municipais de Oleiros** organizan outras actividades de promoción da lectura como espazos de ocio e aprendizaxe dirixidos a toda a poboación, programando actividades que abarcan as diferentes idades e distintos formatos como: contacontos, espectáculos teatrais, narracións dramatizadas, charla de divulgación científica, talleres e tertulias literarias, obradoiros de banda deseñada, obradoiros de poesía e exposicións de libros e mostras bibliográficas.

### BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA

**Días 24, 25 e 26 de abril, polas mañás, contacontos para alumnado de centros de ensino de Oleiros cos contadores Ramiro Neira e a compañía Trinke Trinke.**

#### ACTIVIDADES FÓRA DE HORARIO ESCOLAR

#### OBRADOIROS PARA NENAS E NENOS MAIORES DE 6 ANOS



**HORA DE REALIZACIÓN: 17:30 HORAS**

DÍA	TÍTULO E MONITORADO
19 Abril	OBRADOIRO DE CÓMIC: <i>UN PASEO ENTRE VIÑETAS CON MANEL CRÁNEO</i> Manel Cráneo

**OBRADOIROS PARA A INCLUSIÓN SOCIAL  
DIRIXIDOS A NENAS E NENOS DE 8 A 12 ANOS**



HORA DE REALIZACIÓN: 18:30 HORAS

DÍA	TÍTULO E MONITORADO
26 Abril	ONDE VIVEN OS TRASNOS Asociación Participa para la Inclusión Social

**CLUBS DE LECTURA E TERTULIAS LITERARIAS**

Comentario de obras literarias nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura.

Días 18 e 24 de abril

**LIBROS PROGRAMADOS:**

***A nena do abrigo de astracán*** de Xabier P. DoCampo

***Así empieza lo malo*** de Javier Marías

**MANS**

**A cargo do actor e contador de contos Pablísimo**



Unha orixinal actividade onde as mans non pararán de falar. MANS é un espectáculo de teatro e narración oral onde as historias se contan con palabras e as personaxes aparecen nas mans. Contos populares, contos de creación propia, fábulas e xogos cas mans...son dramatizados con sombras chinesas., monicreques, luvas... e moita imaxinación!

O día *24 de abril* : 50 alumnos/as e mestres/as 6º E Infantil CEIP Parga Pondal

***SENSACIÓNS DEBUXADAS: DEBUXANDO COS CINCO SENTIDOS***

**A cargo do ilustrador Manel Cráneo**

Laboratorio de debuxo creativo no que, a través dos cinco sentidos, se experimenten sensacións que logo se deben traducir á linguaxe do debuxo

Días 20, 25, 26 e 27 de abril, dirixidas a alumnado de 3º e 5º de primaria do CEIP Luis Seoane de Mera.

**ACTIVIDADES FÓRA DE HORARIO ESCOLAR**

**CLUBS DE LECTURA E TERTULIAS LITERARIAS**



Comentario de obras literarias nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura.

Día 23 de abril, comentando a obra **Tantos días felices** de Laurien Colwin

### HORA DO CONTO

Narración ou dramatización de varios contos cun enfoque lúdico.

O 25 de Abril, con ZOO a cargo de Chus Álvarez dirixida a nenos e a nenas a partir de 4 anos.

#### **BIBLIOTECA MUNICIPAL M<sup>a</sup> JOSÉ TRINCADO. MERA**

**O 20 de abril, ás 18:30 h, bebecontos titulado Contos en abril, a cargo de Pavís Pavós, dirixido a nenas e nenos de 1 a 4 anos.**

Do 20 ao 27 de abril: E ti...que les?: Os usuarios/as recomendan algún libro que levaran en préstamo da biblioteca e que lles gustara especialmente.

### **“ LIBROS PARA SOÑAR”**

Exposición de obras infantís e xuvenís titulada “Libros para soñar” publicados pola editorial Kalandraka, con motivo do 20 aniversario da creación desta editora. Colabora dita editorial.

Duración: do 20 ao 27 de abril.

#### **BIBLIOTECA MUNICIPAL M<sup>a</sup> JOSÉ RUSO. DORNEDA**

**O 23 de abril, ás 18:30 h. teremos o espectáculo “O Xigante” realizado pola compañía Elefante Elegante para nenos e nenas a partir de 4 anos.**

#### **BIBLIOTECA MUNICIPAL ÁNXEL FOLE. NÓS**

**27 de abril: Bebecontos “Mil historias en maletas” con Charo Pita. Para nenos/as de 1 a 3 anos.**

Exposición de fondos dos autores/as que acadaron o Premio Cervantes.

#### **BIBLIOTECA MUNICIPAL XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ**

<b>19 abril</b>	<b>Contacontos “EN BRANCO” a cargo de Ramiro Neira</b>	Dirixido a nenas/os a partir de 4 anos
---------------------	--	--

Exposición sobre libros baseados nas obras de Shakespeare e Cervantes titulada “Entre Shakespeare e Cervantes anda o conto”.

#### **BIBLIOTECA MUNICIPAL MANUEL MARÍA. OLEIROS**

<b>17 abril</b>	<b>Contacontos “Nalgún lugar do bosque escuro: contos de nenas que se atopan” a cargo de paula Carballeira</b>	Dirixido a nenas/os a partir de 4 anos
---------------------	--	--

**MOSTRA BIBLIOGRÁFICA:** Libros de autores/as galegos/as actuais.